

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*RESOLUCIÓN do 17 de marzo de 2026 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de marzo de 2026, polo que se aproba o tramite de información pública e informe das administracións afectadas, e definitivamente o proxecto de construción da senda en Nantón, estrada AC-552 (Cabana de Bergantiños), cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de trescentos setenta mil cincocentos dezanove euros con corenta e dous céntimos (370.519,42 €) (clave AC/22/162.06).*

Antecedentes.

Con data do 12 de setembro de 2025 publícase no *Diario Oficial de Galicia* núm. 176, o anuncio do 5 de agosto de 2025 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción da senda en Nantón, estrada AC-552 (Cabana de Bergantiños), de clave AC/22/162.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto.

En virtude do disposto no artigo 55.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,

RESOLVO:

Publicar o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de marzo de 2026, polo que se aproba o tramite de información pública e informe das administracións afectadas, e definitivamente o proxecto de construción da senda en Nantón, estrada AC-552 (Cabana de Bergantiños), de clave AC/22/162.06, que se recolle como anexo a esta resolución.

Contra o dito acordo do Consello da Xunta de Galicia, que pon fin á vía administrativa, poderase formular un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; sen prexuízo de que, con carácter previo e potestativo, poida formular un recurso de reposición no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos ar-



tigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de ser un suxeito obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración, para a interposición do recurso de reposición deberá empregar o modelo IF321B de recurso en materia de infraestruturas dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/>, ante a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2026

María Deza Martínez  
Directora da Axencia Galega de Infraestruturas

#### ANEXO

Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de marzo de 2026, polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas, e definitivamente o proxecto de construción da senda en Nantón, estrada AC-552 (Cabana de Bergantiños), cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de trescentos setenta mil cincocentos dezanove euros con corenta e dous céntimos (370.519,42 €) (clave AC/22/162.06).

1º. Aprobar o expediente correspondente aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas do proxecto de construción da senda en Nantón, estrada AC-552 (Cabana de Bergantiños), de clave AC/22/162.06, sen modificacións respecto ao trazado sometido á información pública.

2º. Aprobar definitivamente o proxecto de construción da senda en Nantón, estrada AC-552 (Cabana de Bergantiños), de clave AC/22/162.06, para os efectos dos artigos 22 e 23 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Consonte establece o artigo 23.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Cabana de Bergantiños, no cal se asentan as infraestruturas obxecto do proxecto, deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, en que se establecen as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.



A aprobación definitiva do proxecto de construción implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a implantación do proxecto e das modificacións deste que, de ser o caso, puidesen aprobarse posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño.

CVE-DOG: sjy7d8q6-2jt7-ako3-04k2-nhpfkz9rn5q3

